

*ORDE do 18 decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para os investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios para o período 2014-2020 cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e se convocan para o exercicio orzamentario de 2018*

DOG Nº 9, 12/01/2018

## SECCIÓN 1ª DA ORDE: BASES REGULADORAS

### **BENEFICIARIOS art. 2**

Poderán acollerse a estas axudas os **empresarios individuais ou sociedades** que sexan ou vaian ser titulares de instalacións obxecto da axuda dedicadas á transformación e/ou comercialización de produtos agrarios (o mel).

### **NON SUBVENCIÓNABLES art. 3**

Os proxectos nos cales o importe total dos investimentos subvencionables sexa inferior a 60.000 €.

### **GASTOS SUBVENCIÓNABLES art. 3**

- a) Construción, adquisición e mellora de **bens inmobles**. A compra de terreos ata un valor inferior ao 10 % do total dos gastos subvencionables.
- b) Compra de **maquinaria e equipamentos novos**, ata o seu valor de mercado.
- c) Os seguintes **investimentos intanxibles**: adquisición ou desenvolvemento de programas informáticos así como adquisicións de patentes, licenzas, dereitos de autor e marcas rexistradas relacionadas cos procesos produtivos.
- d) Os custos xerais vinculados as letras a) e b) anteriores consistentes en **honorarios de proxecto e dirección de obra**, así como en estudos de viabilidade. En todo caso, o importe admisible nestes custos non poderá superar o 12 % do importe total dos investimentos subvencionables das letras a), b) e c) anteriores.

### **CONTÍA art. 4**

Microempresas e medianas empresas/ Empresas medianas/ Empresas non pemes: o **50%** en todos os casos. Límite máximo por explotación: 5 millóns de euros.

### **REQUISITOS ADICIONAIS art.5**

1. É necesario dispoñer **registro sanitario**. Non se subvencionan as actividades relativas á produción primaria.  
A resolución de concesión (no seu caso) indicará a licenzas que é necesario presentar.
2. Os investimentos deben realizarse **despois** da presentación da solicitude da axuda e non antes.  
(Considerase investimento realizado o inicio das obras ou a realización dun contrato para pedir equipamento ou contratar servizos)  
(A compra de terreo non se considera inicio de investimento si se fixo con post. ó 18/11/2015)

## SUBVENCIÓN INDUSTRIAS AGRARIAS

3. Os investimentos obxecto da axuda deberán ter unha **execución mínima** (investimento xustificado e pagado) na anualidade correspondente á convocatoria á cal concorre a solicitude, e será establecida en cada convocatoria anual.

(Todo feito e executado, e xustificado no ano que pides a subvención)

4. A actividade/s subvencionada ou os conceptos subvencionados débense **manter durante 5 anos** contados dende a realización do pagamento.

5. "Moderación de custos": para todos os gastos é necesario presentar **3 ofertas** (facturas proforma) de distintos provedores (sempre se concede a de menor custo).

### **DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA art.6**

Presentación vía telemática ou presencial elixible para persoas físicas, telemáticamente obrigada para persoas xurídicas.

#### **FASE DE SOLICITUDE**

1. Solicitude (Anexo A1)
2. Memoria (Anexo A2)
3. Estudo técnico (Anexo A3)
4. Estudo económico (Anexo A4)
5. Relación de ofertas (Anexo A5)
6. Documentación adicional para empresas (ver artigo 6.2 apdo e )

**FORMA DE PRESENTACIÓN:** obrigatoriamente por medio electrónicos para persoas xurídicas, elixible para persoas físicas. O solicitante (persoa física) pode elixir o como ser notificado.

#### **FASE DE XUSTIFICACIÓN**

1. Anexo A5
2. Anexo B1
3. Anexo B2
4. Anexo B3
5. Anexo B4
6. Anexo B5

**Descarga de anexos:** todos os anexos pódense descargar a través deste enlace (copiar e pegar), salvo os Anexos A3 e A4, cuxo contido mínimo pódese consultar no pdf da Orde de convocatoria (páxinas 2200-2206)

### **TRAMITACIÓN DO PROCEDIMENTO art.8**

#### **ÓRGANO -**

Instruye e resolve a Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias.

#### **RESOLUCIÓN - art.9**

Na notificación da resolución que chegará ao solicitante indicaráse:

1. Os investimentos que se van subvencionar e as anualidades para a execución dos traballos.(o máximo son 3 anos)

## **SUBVENCIÓN INDUSTRIAS AGRARIAS**

2. A data máxima para xustificar os traballos (factura e pagamento de traballos) e indicará tamén a documentación que é necesario presentar para tramitar o cobramento. (máx. 10 de outubro de cada anualidade)

### **PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN- art.10**

Na resolución de concesión da axuda indicaráse cómo solicitar o pagamento da axuda (ver apdo anterior deste documento).

Presentación de Anexos B.1, B.2, B.3, B.4, B.5.

\*Pagamentos parciais ("pagamentos a conta") ver artigo 10.3 páxina 2172

## **SECCIÓN 2ª DA ORDE: CONVOCATORIA 2018**

### **PLAZO PARA PRESENTAR A SOLICITUDE art. 24**

Ata o día **13 febreiro** (Un mes dende o día seguinte á publicación da convocatoria. Publicación: 12/01/2018)

Plazo que ten a Xunta para resolver: **19 agosto 2018** (o día seguinte á finalización do prazo para presentación de solicitudes) + Silencio administrativo negativo (senón contestan débese entender desestimada)

### **EXECUCIÓN DOS TRABALLOS art. 25**

Os investimentos obxecto da axuda deberán ter unha execución mínima (investimento xustificado e pagado) na anualidade 2018, **do 20 % do total** subvencionable.

---